

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DA POBRA DO BROLLÓN
CURSO: GRUPO 1º,2º DE PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS
DEPARTAMENTO: SONIA GOMEZ NAYA
DATA:6/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaluación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles CIENCIAS SOCIAIS 1º		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
B2.1	.Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT / CD / CAA
	Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT / CCL
B2.2	Describe as características principais do aire e da auga	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT / CCL
B2.5	Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA
B2.6	Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
B3.5	Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CMCCT
B3.7	Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CAA
B4.3	Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CCL
B5.1	Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.	<ul style="list-style-type: none"> • CMCCT • CAA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles CIENCIAS SOCIAIS 2º		
Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.1	Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD CMCCT
	.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA CSC
B2.5	Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	CMCCT
	Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	CMCCT CCL
B2.6	Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativa destes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT CCL
B3.3	Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC CCL
B3.7	Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC CCL
B4.3	Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT CSC
	Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC CMCCT
B.5.1	Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT CAA
B4.2	Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE CCL

	Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.	CMCCT
--	--	-------

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Temos en conta a interese do pequeno, a evolución e o tempo que tarda na entrega das tarefas.</p> <p>Instrumentos: A análise do traballo do alumnado a través do material fotocopiado que se lle entregou no momento da declaración do estado de alarma. (Fichas de reforzo e recuperación).</p> <p>O traballo desenvolvido nos libros e caderno do alumnado a partir do 3º trimestre, que foron entregados ás familias a través do persoal do concello.</p> <p>Este traballo estivo titorizado polos profesores tutores e de área respectivo a través da aula virtual ou correo electrónico e acompañado polas familias do alumnado, coas que se tivo contacto frecuente para saber como se estaba desenvolvendo o traballo e poder realizar modificacións que se consideren necesarias.</p>
Cualificación final	<p>A avaliación final será o computo da media aritmética da primeira e segunda avaliación e unha subida de ata dous puntos no traballo desempeñado na aula virtual dende o confinamento. A subida dos dous puntos se especificarán na rúbrica posta no anexo I da programación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Actividades do libro e actividades virtuales sempre coincidindo co tema a traballar na aula virtual. Poñense vídeos para axudar as explicacións e comprensión do alumnado

Actividades de recuperación e reforzo: Este tipo de actividades prolongouse con este alumnado tendo en conta que no grupo hai alumnado con dificultades que chegou ao centro no segundo trimestre. Un alumno en primeiro que non ten adquirida a competencia lectoescritora. Con este alumno continouse con actividades de reforzo dirixidas á adquisición da competencia lectoescritora. o libro acompañado de material fotocopiado para o reforzo e a adquisición desta competencia que se considera prioritaria para acceder aos contidos das demais materias.

Actividades de repaso e ampliación: Combínanse as actividades de repaso naqueles contidos e competencias que consideramos importantes afianzar nesta etapa como a lectoescritura e o razoamento matemático. Unha vez que todas as familias contan con acceso a internet e á aula virtual titorízanse dende aquí os traballos no libro de texto, introducindo aquelas actividades de ampliación que nos parecen imprescindibles e que a súa vez están reforzando unha boa adquisición do dominio das áreas instrumentales.

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Os nenos utilizan os seus libros e:</p> <p>ALUMNADO CON CONECTIVIDADE: Tanto na súa modalidade presencial como online (COVID19) o enfoque comunicativo debe prevalecer no tratamento da Lingua polo que os elementos curriculares deben estar definidos nas bases dos procesos comunicativos aos que están dirixidos adaptándoos no caso da Educación Primaria, ás características e necesidades dos alumnos/as.o. O currículo está estruturado arredor das actividades lingüísticas descritas no Marco Europeo: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. A área de Ciencias sociais ten como obxecto contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumnado, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que vive, partindo da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global.</p> <p>O desenvolvemento persoal e social dos alumnos e alumnas como futuros cidadáns e cidadás implica, por unha banda, coñecer os mecanismos fundamentais da democracia respectando as regras da vida colectiva e, por outra, interactuar coa contorna e o medio velando pola súa conservación ao seren estes bens comúns e compartidos. A metodoloxía vai enfocada aos alumnos/as, nas súas necesidades de</p>
--	--

aprendizaxe e na responsabilidade que teñen que asumir no proceso de aprendizaxe; consecuentemente, a metodoloxía ideal consistirá nun conxunto de prácticas de ensino, aprendizaxe e valoración que axuden ao estudante a adquirir, dun lado, as diferentes competencias envolvidas no proceso comunicativo, e, doutro lado, desenvolver a habilidade de unir as competencias e poñelas en práctica, para producir e procesar textos orais e escritos adaptados a contexto relevantes. Hai que poñer especial énfase en explotar os recursos dixitais, entendidos como ferramentas esenciais para iniciar aos alumnos/as na adquisición gradual de mecanismos de aprendizaxe autónoma, sempre adaptada á súa idade e particularidades.

Así pois, neste terceiro trimestre e debido aos cambios metodolóxicos que requiren a situación excepcional provocada pola COVID19 na disciplina de lingua estranxeira centrarémonos atendendo ás Instrucións do 27 de abril da Consellería de Educación, punto 6.2, no repaso, reforzo e afianzamento dos contidos impartidos na 1ª e 2ª avaliación ate o comezo do confinamento. Así os alumnos/as:

- desenvolven estratexias persoais efectivas de aprendizaxe para ser estudantes responsables, autónomos e automotivados.
- desenvolven destrezas do pensamento como predicir, secuenciar, clasificar, categorizar, explicar e xustificar, nunha variedade de contextos interesantes.
- están motivados e gozan do reto de aprender
- desenvolven as sete Competencias clave sistematicamente.
- entenden e utilizan a gramática correcta e apropiadamente.

ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE:

Atendendo ás Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa) para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. O centro puxo a disposición de todo o alumnado o equipamento necesario

Contamos cun grupo especial de alumnado procedente da escola fogar de Ferreirúa. Este alumnado presentaba certa dificultade para usar a aula virtual polo que se acordou a opción de titorizar o traballo a través de

	<p>correo electrónico, organizándolles o traballo por semana. Os profesores enviarán o traballo o luns, o venres recibirán un pequeno resumo do traballo desenvolvido, e dificultades atopadas, para continuar os mestres co traballo da semana seguinte.</p> <p>Para a entrega de traballos fotocopiados tamén contamos coa colaboración do concello (Área de servizos sociais) para fotocopiar os materiais a aquelas familias que non dispoñen de fotocopiadora nas súas casas así como a entrega dos materiais fotocopiados. Neste grupo realizouse co alumnado de 1º y 2º da casa de acollida da Ferreirúa.</p>
--	--

Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> • Usan CLIL para descubrir cousas do mundo, desenvolver destrezas cognitivas e conceptuais, e levan a cabo investigacións independentes e buscas online e offline. • Utilizan as novas tecnoloxías e recursos multimedia para estudar, investigar, consolidar e ampliar a súa aprendizaxe.
-----------------------------	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación farase a través do sistema Abalar ou aula virtual o no que no seu momento se determine en coordinación coa titoría e familias sobretudo os que teñan problemas de conectividade.
Publicidade	Na páxina web do centro.

